

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 18 de decembro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 18/12/2024
- II. Asistentes á CGIC do 18/12/2024
- III. Rexistros R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións de máster do centro (curso 2023/2024):
 - a. R3 DO-0201 Informe de Coordinación do MUEM
 - b. R3 DO-0201 Informe de Coordinación do MUXSA
- IV. Rexistro R3 MC-02 Informe de QSP Periódico (curso 2023/2024)
- V. Novos procedementos de calidade:
 - a. AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais
 - b. DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección
 - c. DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas
 - d. MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 30 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 22 de outubro de 2024.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

✓ EAD 2024/2025 cuadrimestre 1

- 06/11 e 2/12 Achegan evolución do estado de participación:

CENTRO	14/10/2024			05/11/2024			02/12/2024		
	Pots	Realiz	%	Pots	Realiz	%	Pots	Realiz	%
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	1211	3	0,25	1229	20	1,63	1230	91	7,40

- Indica unha proposta de acción para aumentar a participación, consistente en que as persoas coordinadoras de curso e/ou titulación aproveiten unha reunión de orientación co alumnado para pedir ao estudantado que cubra as enquisas das materias que as teñan visibles.

✓ ES 2024/2025 Entidades empregadoras

- 29/10 Solicitan a achega de polo menos 5 persoas de contacto de entidades empregadoras asociadas ou vinculadas coas titulacións do centro que poidan proporcionar información útil cara a mellora da titulación.
- 16/12 Achégase a listaxe pedida.
- ✓ **ES 2024/2025 TFG/TFM**
 - 31/10 Solicitud a Área de Calidade da posta en marcha do proceso de enquisa as persoas egresadas no curso 2023/2024.
 - 04/11 A Área de Calidade indica que SIGMA non lles permite obter a relación de persoas egresadas para enviar a enquisa.
 - 06/11 O negociado da EME elabora a listaxe de TFG/TFM defendidos no curso 2023/2024 e se achega á Área de Calidade.
 - 14/11 As persoas coordinadoras das titulacións de grao impartidos no centro elaboran unha listaxe cos datos completos do estudantado que rematou os seus estudos de grao no curso 2023/2024.
 - 14/11 A Área de Calidade informa da posta en marcha da enquisa.
 - 21/11 Participación: 4 de 26 en GEE, 0 de 7 en GERME, 1 de 3 en MUEM.
 - 29/11 Achegouse recordatorio das enquisas (a participación non subiu).
- ✓ **ES 2024/2025 Estudiantado e Profesorado**
 - 28/11 A Área de Calidade informa de que está prevista a realización da enquisa de satisfacción coas titulacións oficiais do alumnado e o profesorado entre o 2 de decembro e o 30 de xuño. Piden difusión para aumentar a participación. A enquisa de alumnado vai dirixida a:
 - Estudiantado de grao matriculado por 1ª vez no penúltimo curso (3º curso)
 - Estudiantado de máster matriculado por 1ª vez no último curso (2º curso).
- ✓ **ES 2023/2024 Estudiantado e Persoas tituladas**
 - 02/12 A Área de Calidade achega os resultados das enquisas de satisfacción do estudantado e das persoas tituladas do curso 23/24 do centro e piden a súa difusión. Reenvíanse ás persoas coordinadoras de cada titulación.
- ✓ **Cadro de mando 2022/2023**
 - 18/11 Achégase ao presidente da Comisión de Calidade da UVIGO e á Directora de Calidade un escrito do centro en relación á experiencia de uso do cadro de mando para a elaboración do IRPD e pedindo que se traten os problemas detectados nun punto na orde do día da próxima sesión da Comisión.
- ✓ **Programa DOCENTIA**
 - 11/12 Inicio do proceso de recollida dos datos da actividade docente do curso 2023/2024 no marco do programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado **DOCENTIA**. Solicitan aos centros a achega do documento cumprimentado antes do 15 de Febreiro de 2025.

- ✓ **Acreditación Institucional de ACSUG**
 - 18/11 Achega do *Borrador de la Guía de Acreditación Institucional* de ACSUG que recolle o procedemento e a documentación asociada ao mesmo. Prazo de revisión ata o 28 de novembro.
 - 28/11 Achega das valoracións xerais da dirección do centro.
 - 12/12 Reunión AC – ACSUG. A renovación da acreditación institucional da EEME quedou encadrada na Fase I, de xeito que a documentación ten que ser achegada antes do 31/03/2025 e a visita da comisión está prevista en maio de 2025. A guía definitiva terá poucos cambios e se achegará nos próximos días.
- ✓ **Notificación de ANECA sobre a situación dos Selos de enxeñaría EURACE**
 - 18/11 Achega do *email* de ANECA sobre a problemática xurdida pola que, a día de hoxe, a axencia non podería seguir prestando o servizo de avaliación para a obtención e renovación do selo, e as universidades terían que dirixirse a axencias internacionais.
 - 22/11 Achega dun resumo da Sesión Informativa da ENAEE sobre a recente decisión relacionada co proceso temporal de acreditación EURACE en España.
- ✓ **Xuntanza de Centros sobre Calidade – Curso 2024/2025**
 - 04/12 Reunión convocada pola Área de Calidade. Aspectos relativos aos programas de calidade e a súa aplicación en centros e títulos no curso 24/25: Axenda de calidade, Aplicación SGC, Programas de calidade (acreditacións, certificacións e seguimento externo), Acreditación Institucional: Guía da ACSUG, Novo módulo de Guías Docentes en SIGMA, Avance sobre EAD, ES e DOCENTIA, Novos procedementos, Cadro de mando, Novos modelos guías para a redacción do IRPD, PAM, Programa de desenvolvemento estratéxico).
- **Accións de Mellora na plataforma do SGIC:**
 - ✓ 14/11 Corrección de erros detectados e introdución das novas Accións de Mellora definidas no IRPD 22/23.
 - ✓ Pendente: introdución do Seguimento das Accións de Mellora efectuado no IRPD 22/23 e revisión das datas de alerta e finalización prevista.
- **Plataforma do SGIC - Curso 2023/2024**
 - ✓ **Titulación MUXSA:**
 - 07/11 Comunicación á Área de Calidade de que na plataforma SGIC23/24 non aparece a titulación MUXSA, que comezou a impartirse no curso 2023/2024.
 - 08/11 Responden que o máster está incorporado na aplicación pero que non permite visualizalo aos responsables do centro por un erro informático.
 - 11/12 Aínda no está resolto o problema.

✓ **Rexistros pendentes:**

- **R1 DE-01 Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro** (alerta 01/09/2024). Vaise a achegar unha enquisa aos diferentes grupos de interese e a Comisión retomará as reunións en xaneiro.
- **R1 PE-02 Informe de Resultados Institucionais** (alerta 15/07/2024). O informe sobre a última convocatoria do DOCENTIA quinquenal aínda non está dispoñible.

3. Aprobación, se procede, dos rexistros R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións de máster impartidas no centro (curso 2023/2024).

A Presidenta sinala que os informes de coordinación das titulacións de máster quedaran pendentes na sesión anterior. Amona os informes achegados (Anexo III), e comenta a súa estrutura e os seus principais aspectos. Cede a palabra a María Araújo, Coordinadora na UVIGO do MUXSA, quen lembra que se trata dun máster interuniversitario e aclara que no informe correspondente se recollen unicamente as actividades de coordinación local da UVIGO.

Apróbanse, por asentimento, os informes de coordinación das dúas titulacións de máster.

A Presidenta agradece o traballo realizado ás persoas coordinadoras de curso, titulación e calidade.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R3 MC-02 Informe de QSP Periódico (curso 2023/2024).

A Presidenta indica en que consiste e comenta o documento achegado (Anexo IV). Indica os contidos do parabén e das tres queixas, aclarando que dúas delas se refiren a queixas relativas a profesorado e materias concretas. Sinala que nestes casos se atopa un erro na plataforma xa que rexistra que non se cumpriron os prazos de resposta cando o propio procedemento require uns pasos que levan máis tempo.

A comisión aproba por asentimento o rexistro.

5. Validación, se procede, dos novos procedementos de calidade:

- *AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais*
- *DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección*
- *DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas*
- *MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.*

A Presidenta comenta que o SGIC é un sistema dinámico e se van actualizando e simplificando os procedementos cada certo tempo a proposta da Área de Calidade.

Cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen lembra que o 29/10/2024 a Área de Calidade achegou os borradores destes documentos, que o 14/11/2024 dende o centro se achegaron unhas propostas de mellora e que o 04/12/2024 se recibiron as versión finais da Área de Calidade. Estes documentos foron revisados e adaptados ao centro e se achegaron con antelación aos membros da comisión (Anexo V). Tras unha quenda de intervencións, propónse a súa validación pola comisión de calidade e posteriormente se someterán á aprobación da Xunta de Escola.

A Comisión valida por asentimento os catro procedementos.

Agradécese ao Coordinador de Calidade o traballo realizado.

6. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaioito de decembro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 18/12/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 18 de decembro de 2024, ás 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 22 de outubro de 2024.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, dos rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación* das titulacións de máster impartidas no centro (curso 2023/2024).
4. Aprobación, se procede, do rexistro *R3 MC-02 Informe de QSP Periódico* (curso 2023/2024).
5. Validación, se procede, dos novos procedementos de calidade:
 - AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais
 - DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección
 - DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas
 - MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.
6. Rogos e Preguntas.

Vigo, 11 de decembro de 2024

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Quese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 18/12/2024

**Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade
do 18 de decembro de 2024**

Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Coordinadora do PAT/PIUNE
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos deptos con sede no centro
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro

ANEXO III

Rexistros R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións de máster do centro (curso 2023/2024):

- a. R3 DO-0201 Informe de Coordinación do MUEM*
- b. R3 DO-0201 Informe de Coordinación do MUXSA*

ANEXO IV

Rexistro *R3 MC-02 Informe de QSP Periódico (curso 2023/2024)*

ANEXO V

Novos procedementos de calidade:

- a. AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais*
- b. DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección*
- c. DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas*
- d. MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.*